



| MODELO SILVÍCOLA | PFMV (producción de frondosas de madeira valiosa) |
|--|--|
| ESPECIES: | <i>Juglans regia</i> , <i>Juglans nigra</i> , nogueira híbrida, <i>Prunus avium</i> , <i>Fraxinus excelsior</i> , <i>Acer pseudoplatanus</i> , <i>Quercus rubra</i> , en forma de plantacións puras ou mesturadas. |
| OBXECTIVO: | Producción de madeira apta para chapa plana e desenrolamento. |
| DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Todos os distritos forestais. Alternativa produtiva en terreos agrícolas en abandono, cumprindo coa lexislación vixente. Orientado a produción de madeira de alta calidade con necesidade de xestión intensiva. Compatible con pastoreo o cultivo agrícola durante os 5 primeiros anos. | |

| REXENERACIÓN | |
|---------------------------------|---|
| Marco e densidade de plantación | Marcos de 5 x 5 a 6 x 6 m, plantón de 2 a 3 zumes sempre procedentes de mellora xenética. Seleccionados ou, preferiblemente, cualificados ou controlados. Prestarase especial atención aos clons de cerdeira, nogueira e castiñeiro orientados á produción madeireira e dispoñible no catálogo de materiais de base e obtidos en parte polo CIF Lourizán. Labra plena e aburatado posterior de 80 x 80 x 80 cm. Fertilización de implantación a feito en superficie, segundo necesidades do chan. Recomendable uso de malla antiherbas. Instalación de protectores individuais ou peche da parcela, no caso de presenza de gando ou fauna. Alcorque dispoñible para futuras regas. |
| Mantementos | Reposición de marras o primeiro ano. Rozas anuais durante os 5 primeiros anos, por trituración ou gradeo superficial, posteriormente cada dous anos. Compatibilización con gando reduciría necesidades de roza. Posible roza química consonte á lexislación. Seguimento fitosanitario, en particular de perforadores de talo. Rega durante os 3 primeiros veráns, completando dose de 200 litros/planta. |

| TRATAMENTOS SILVÍCOLAS | |
|------------------------|---|
| Podas de formación | Podas de formación a aplicar cada dous anos aos 2, 4 e 6 anos, eliminando galladuras, ramas laterais con tendencia a engrosar e ramas moi verticais. Podas en sentido estrito comezarán cun diámetro normal de 8 cm, levantando a poda ata 5,5-6 m en 2-3 intervencións. |
| Desmestas | Unha única intervención, deixando a densidade definitiva. |
| Rareas | Non. |

| CORTA FINAL DE REXENERACIÓN | |
|-----------------------------|--|
| Idade de corta | Quendas de 40 a 60 anos (menor quenda en mellor calidade de estación). Diámetros obxectivo de 35 cm, fustes rectos e toradas basais ata 6 m sen defectos, con alturas de 25 m, volumes de árbore individual de 1 m ³ , crecemento medio de 6 a 10 m ³ /ha año. |
| Métodos de corta | Corta a feito seguida de repoboación ou ben reutilización da parcela a actividades agrogandeiras, previa comunicación ou autorización de cambio de actividade. |

